



ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN ESCOLAR DE ALERTAS DO 18 DE DECEMBRO DE 2019

Na sala de xuntas de Meteogalicia, reúnese a Comisión Escolar de Alertas o mércores, 18 de decembro de 2019 ás 09.00 horas, coa asistencia dos representantes dos seguintes órganos:

- Dirección xeral de Emerxencias e Interior
- Axencia Galega de Emerxencias (Axega)
- Dirección de Meteogalicia
- Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
- Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

A Axencia Estatal de Meteoroloxía e Meteogalicia alertan dun fenómeno meteorolóxico adverso de **nivel LARANXA por refachos de vento superiores a 100km/h**, que comezará hoxe, **mércores día 18.12.2019 ás 09.00 horas** e prolongarase ata as 18:00 horas. Este adverso afectará ás zonas de predición meteorolóxica da totalidade da provincia da Coruña e Pontevedra, a Mariña de Lugo e noroeste e montaña de Ourense.

Ante a devandita situación de risco, a Comisión Escolar de Alertas acordou o seguinte:

1. A **SUSPENSIÓN DE ACTIVIDADES NO EXTERIOR** nos centros educativos situados nas zonas de predición meteorolóxica afectadas.
2. A autoridade educativa comunicará esta incidencia ás direccións dos centros escolares afectados, solicitando que leven a cabo esta medida e fagan un seguimento dos partes meteorolóxicos durante a xornada na que se desenvolverá este adverso.
3. Para o caso de que as circunstancias da localidade onde se atopa o centro, supuxesen un risco superior ao declarado e pasase a unha declaración de nivel superior, as direccións poderán adoptar as decisións oportunas respecto da suspensión das actividades extraescolares.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión.

O director xeral de Emerxencias e Interior

O secretario xeral técnico

O xerente da Axega

A subdirectora xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

